



COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA
ESPAÑA - PORTUGAL
COOPERAÇÃO TRANSFRONTEIRIZA

Unión Europea
FEDER
Invertimos en su futuro



XUNTA
DE GALICIA

Prezados cooperativistas:

A importancia do cooperativismo na actividade económica e social de Galicia é unha realidade que está presente en todos os sectores estratéxicos da actividade de economía galega, sendo unha das fórmulas que máis está contribuíndo á dinamización do emprego e á creación dun emprego de calidade. A Xunta de Galicia é plenamente consciente do papel que están chamadas a desenvolver as cooperativas no tecido económico e social da nosa Comunidade. Por iso, segue realizando un importante esforzo por dar pulo á utilización do cooperativismo como vía para acadar un desenvolvemento económico equilibrado e integrador.

Na liña do traballo de dinamización e promoción da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social a prol das cooperativas, quero informarlle que estamos traballando para estar presentes co stand do Consello Galego de Cooperativas no vindeiro celebración 16º Salón Internacional de Turismo Gastronómico Xantar, que se celebrará do 4 ao 8 de marzo, na cidade de Ourense. Unha presenza que ten como obxectivo acoller no seu espazo expositor as cooperativas interesadas en asistir a este importante certame.

Todas aquelas cooperativas interesadas en participar, e dado que os espazos son limitados, deben comunicar de forma inmediata o seu interese **-antes das 20:00 horas do mércores 25 de febreiro-** á entidade coordinadora do stand do Consello Galego de Cooperativas, no enderezo electrónico xantar2015@cooperativasdeg Galicia.com ou no teléfono 981 575 244. A participación no stand é libre de custos para o expositor, correndo só ao seu cargo o produto para súa exposición e o seu persoal de atención.

Na confianza do interese en participar nesta iniciativa, reciban un cordial saúdo



Alba Paz Boubeta

Subdirectora Xeral de Cooperativas e Economía Social

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2015